



Teaching Guide

Identifying Data					2023/24
Subject (*)	Academic development and research transfer		Code	615525030d	
Study programme	Máster Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria (a distancia)				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Official Master's Degree	2nd four-month period	Second	Obligatory	3	
Language	SpanishGalician				
Teaching method	Non-attendance				
Prerequisites					
Department	Socioloxía e Ciencias da Comunicación				
Coordinador	Domínguez Rodríguez, Antía	E-mail	a.drodriguez@udc.es		
Lecturers	Domínguez Rodríguez, Antía	E-mail	a.drodriguez@udc.es		
Web					
General description	O "Taller de actualización e transferencia" ten un carácter de materia experimental e busca completar a formación do alumnado no mestrado por dúas vías: a) a oferta de formación complementaria a través dunas xornadas e a selección por parte do alumnado de formación que peche o seu ciclo formativo (para o cal se remite información da oferta existente); e b) a posta en común das investigacións realizadas polo alumnado no seu TFM e a propia retroalimentación entre o alumnado para mellorar aspectos do seu traballo.				

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A2	CE2 - Interpretar os feitos e as políticas sociais desde os distintos paradigmas teóricos vixentes na análise da exclusión.
A5	CE5 - Interpretar as situacións e os procesos de marxinação social e económica de colectivos desde unha perspectiva histórica e macroestrutural.
A6	CE6 - Avaliar a capacidade e eficacia das medidas de intervención para corrixir ou previr situacións e procesos de exclusión social.
B1	CB1 - Demostrar coñecementos avanzados, de carácter multidisciplinar, para a investigación e o exercicio profesional no ámbito da exclusión social.
B6	CB6 - Posuír e comprender coñecementos que proporcionen unha base ou oportunidade para ser orixinais no desenvolvemento e/ou a aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
B9	CB9 - Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B10	CB10 - Que os estudantes manexen as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.
B11	CB11 - Participar en proxectos de investigación e colaboracións científicas no ámbito da exclusión social, en contextos interdisciplinares e de transferencia de coñecementos.
B15	CX3 - Diseñar, aplicar e avaliar proxectos de investigación en ciencias sociais relacionados cos procesos e as situacións de exclusión social.
B19	CX7 - Dar respostas innovadoras e orixinais ante situacións problemáticas emerxentes relacionadas coa exclusión social.
B21	CX9 - Aplicar unha perspectiva interdisciplinar na análise e a valoración de problemáticas de exclusión e políticas sociais de inclusión e cohesión.
C2	CT2 - Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	CT3 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	CT4 - Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero.
C5	CT5 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C7	CT7 - Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social.



C8	CT8 - Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C9	CT9 - Ter a capacidade de xestionar tempos e recursos: desenvolver plans, priorizar actividades, identificar as críticas, establecer prazos e cumprilos.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences / results		
1. Formación complementaria en materia de políticas sociais e específicas (xénero, migración e avellentamento).	AC2 AC5 AC6	BC1 BC6 BC19 BC21	CC2 CC3 CC4 CC5 CC7
2. Capacidade de aprendizaxe colaborativo: exposición da súa propia investigación, aportar ao traballo doutros compañeiros/as, elaboración dunha proposta de investigación, etc.	AC2 AC5 AC6	BC1 BC6 BC9 BC10 BC11 BC15 BC19 BC21	CC2 CC3 CC4 CC5 CC7 CC8 CC9

Contents	
Topic	Sub-topic
1. A diagnosis e o seu proceso	1.1. Investigación e recollida de información 1.2. Cómo escoller o tema 1.3. As técnicas de investigación
2. Creación dun proxecto de intervención, seminario, conferencia, debate, etc.	2.1. Construcción dun proxecto de investigación ou de intervención seguindo unhas pautas e criterios. 2.2. Aplicación e realización do traballo de campo
3. Presentación de maneira escrita e oral do proxecto	3.1. Presentación de coñecementos adquiridos na súa formación de libre configuración ou como parte dos seus proxectos TFM. Ao inicio do curso consensuase co alumnado a mellor maneira de levarlo a cabo para o logro dos obxetivos da materia.

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Oral presentation	B6 B9 B15 B19 B21 C3 C4 C5	0	17	17
Research (Research project)	A2 B6 B10 B19 C2 C4 C5 C8 C9	0	17	17
Document analysis	A2 B6 C7 C8 C9	0	20	20
Aprendizaxe servizo	A6 A5 B1 B6 B11 B19 C4 C7	0	20	20
Personalized attention		1	0	1

(*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies



Methodologies	Description
Oral presentation	A presentación oral e exposición e argumentación dos traballos realizados é unha parte básica e moi importante do proceso formativo. Polo tanto, o alumnado o finalizar a asignatura realizará unha breve exposición do traballo realizado, resaltando as partes máis importantes e significativas da exposición realizada.
Research (Research project)	O alumnado levará a cabo unha investigación grupal que consista no deseño dunha investigación, e centrarase na aplicación de ferramentas e técnicas de análise para a diagnosis dunha realidade social. Despois dunha primeira fase de identificación do tema/problemática e as técnicas a empregar, que se fará na asignatura de "Deseño de proxectos e traballos de investigación", nesta asignatura levarase a cabo a investigación complementándoo co feito previamente. Trátase dun traballo acompañado e dirixido que realizarase en gran parte na aula.
Document analysis	Trátase dunha técnica metodolóxica (revisión de bibliografía, fontes de datos, etc.) que empregarán para a realización do traballo, tanto para a contextualización como para a propia investigación e posta en marcha do proxecto. Axudará a diagnosis, como instrumento e como explicación de procesos.
Aprendizaxe servizo	Proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e de servizo á comunidade nun só proxecto onde o alumnado aprende a traballar sobre necesidades reais da contorna co fin de melloralas. Ten unha tripla intencionalidade: pedagóxica, solidaria e reflexiva. En colaboración con Arquitectura sen Fronteiras, no curso 23-24, os proxectos da asignatura terán como fío condutor a reivindicación dun hábitat digno e coidador. Tomando o barrio de Agra de Orzán como contexto sobre o que investigar, os grupos de estudantes deseñarán os seus proxectos sobre temáticas relacionadas, realizarán un diagnóstico participativo en colaboración coa veciñanza, e idearán propostas transformadoras que faciliten os coidados no espazo urbano.

Personalized attention

Methodologies	Description
Oral presentation	En caso de existir dúbidas o alumnado poderá pedir unha titoría presencial ou virtual (previa concertación por e-mail). Recoméndase realizar ditas tutorías de maneira grupal para a consecución do traballo de investigación realizado, como forma de acompañamento.

Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Oral presentation	B6 B9 B15 B19 B21 C3 C4 C5	A presentación dos traballos, no formato que se defina, dará como resultado unha puntuación complementaria da materia. No inicio da materia decidirase o formato da presentación dos traballos, de maneira consensuada co alumnado.	10
Research (Research project)	A2 B6 B10 B19 C2 C4 C5 C8 C9	O proxecto de investigación contará co grosa da puntuación da materia. Valorarase a descrición clara do problema obxecto de estudio, a escolla adecuada das técnicas de análise, a exposición ordenada dos resultados e as conclusión pertinentes e oportunas.	90

Assessment comments



A avaliación da materia "Deseño de proxectos e traballos de investigación" será conxunta coa materia de "Taller de actualización e transferencia". Só será preciso entregar un traballo conxunto para ambas materias.

É condición indispensable para superar a materia, obter como mínimo no traballo de investigación, a metade da máxima cualificación outorgable (5 de 10).

Na 2ª oportunidade, os criterios de avaliación e traballos cualificables serán iguais aos propostos para a 1ª convocatoria.

O plaxio no traballo individual, unha vez comprobado, implicará directamente a cualificación de suspenso "0" na materia na convocatoria correspondente.

Recomendacións/criterios sobre a avaliación:

1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:

1.1. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático

1.2. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos

1.3. De realizarse en papel:

- Non se empregarán plásticos.

- Realizaranse impresións a dobre cara.

- Empregarase papel reciclado.

- Evitarase a impresión de borradores.

2.- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural

Sources of information

Basic	<ul style="list-style-type: none"> - Alguacil Gómez, J. (2011). <i>Cómo se hace un trabajo de investigación en sociología</i>. Madrid: Ediciones La Catarata - Baelo Álvarez, Manuel (2017). <i>El arte de presentar trabajos académicos ante un tribunal: TFG, TFM y tesis doctoral: guía práctica para estudiantes universitarios</i>. El Ejido: Círculo Rojo - Caicedo, Claudia (2016). <i>¿Cómo elaborar un trabajo final de máster?</i>. Barcelona: UOC - Guinea-Martín, D. (2012). <i>Trucos del oficio del investigador</i>. Madrid: Gedisa - Platero Méndez, R.L. (2015). <i>¿Es el análisis interseccional una metodología feminista y queer?</i>. Universidad del País Vasco - Rodríguez Gabarrón, L. Y Hernández Landa, L. (1994). <i>Investigación participativa</i>. Centro de Investigaciones Sociológicas
Complementary	

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Information sources and statistical techniques for the analysis of social policies/615525007d

Qualitative techniques for the analysis of discourses and social realities/615525008d

Design, management and evaluation of social policies/615525009d

Participatory action research, community action and management of social organizations/615525010d

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Research design and proposal/615525029

Master Thesis/615525031

Subjects that continue the syllabus

Traineeship/615525028

Other comments



O alumnado (independentemente da modalidade escollida) deberá

revisar regularmente o campus virtual da materia e consultar os documentos. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.